



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES**

Referencia: BDEP-B / 2020

Expediente: 2020000007712

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA - GRUPO B (18 - 23 anos) DO ANO 2020.

ANTECEDENTES

1.- A convocatoria das bolsas para Bolsas para deportistas da provincia GRUPO B (18 - 23 anos) do ano 2020, foi aprobada por resolución da Presidencia nº 7601, e publicada no BOP 42 de 03/03/2020.

As bases foron modificadas por resolución da Presidencia n.º 19946 /2020 e publicada no BOP 98 de 01/07/2020.

2.- O tribunal foi nomeado por resolución da Presidencia nº 14476, de data 29/04/2020, modificada por resolución n.º 22329.

3.- Por resolución da presidencia numero 21624, do 14/07/2020 foron aprobadas a relación de admitidos e excluídos.

4.- A reunión do tribunal tivo lugar o día 23 de xullo de 2020, tal como consta na acta que figuran no expediente da convocatoria.

5.- O tribunal formulou a proposta de concesión das bolsas Bolsas para deportistas da provincia B (18 - 23 anos) do ano 2020, correspondendo a concesión das bolsas ao Presidente da Deputación, de acordo co establecido na base 6 da convocatoria.

6.- A concesión provisional das bolsas foi aprobada por resolución da Presidencia número 2020 / 23787, do 6.08.2020.

7.- No prazo de 10 días establecido na resolución de concesión provisional, presentáronse as seguintes alegacións:

Castro Barcala, Daniel: alega, en síntese, que: *“Considero que no está bien puntuado mi historial deportivo del 2019, ya que me han valorado con 0 puntos. Como mínimo entraría en el grupo 4 de las bases, ya que he sido internacional durante 2019. He sido componente del equipo nacional de tiro con arco y he acudido a todas las competiciones internacionales que se han celebrado y que no son Open ya que, para poder participar, he tenido que superar una serie de clasificatorios nacionales, que al superarlos me han convertido en equipo nacional”*

Garrido Brun, Jacobo: alega, en síntese, que : *“no está de acuerdo en que se le haya dado a Jacobo una puntuación de 12 puntos, cuando ha sido Campeón del Mundo absoluto...”*

Fernández López, Juan: alega en síntese:

1.- *“Que mi representado ha sido excluido por no pertenecer la modalidad de olas gigantes a una disciplina olímpica, y que el deporte del surf no hace distinción entre disciplinas olímpicas y no olímpicas, como pueden hacer otros deportes, pero sí ha sido reconocido como deporte olímpico para los próximos juegos olímpicos.”*

2.- “Que la modalidad de olas grandes consiste en surfear olas de gran tamaño, pero excepto este matiz no existe otra diferencia con el surf en olas de tamaño mediano o pequeño. No existe diferencia de disciplinas”

3.- “Que la Federación de Surf ha certificado textualmente que o deporte practicado pertence a un dos deportes olímpicos e disciplinas asociadas tanto de verán como de inverno, incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos...”

8.- O día 2 de setembro reúnen os membros do tribunal das bolsas para resolver as alegacións presentadas.

Transcríbese a continuación o extracto do contido da acta da reunión do 2 de setembro de 2020, no tocante ás alegacións presentadas:

Castro Barcala, Daniel:

Habéndose acreditado un erro na aplicación do criterio de Historial deportivo, este tribunal entende que se produciu unha valoración inexacta, ao non computarse o seu historial deportivo, cando sí debería varlorarse con 3 puntos no nivel 4.

Polo que a puntuación final de CASTRO BARCALA, DANIEL é:

Historial deportivo: 3 puntos

Proxecto deportivo: 1 punto

Pertenza club deportivo: 3 puntos.

Puntuación total: 7 puntos.

Garrido Brun, Jacobo:

Realizouse unha revisión do historial deste deportista e comprobouse, neste caso, que houbo un erro, ao non puntuarse, como ben se di na alegación, a súa medalla de ouro no Campionato do Mundo. Como consecuencia, este tribunal entende que debe modificarse a súa puntuación pasando a valoración do seu Historial deportivo de 12 puntos pola súa medalla de ouro nos Campionatos de España (Nivel 4), a 32 puntos no Campionato do Mundo (Nivel 1). Consecuentemente, o seu resultado total é de 36 puntos.

Polo que a puntuación final de GARRIDO BRUN, JACOBO é:

Historial deportivo: 32 puntos

Proxecto deportivo: 1 punto

Pertenza club deportivo: 3 puntos.

Puntuación total: 36 puntos.

Polo que pasa de titular número quinto (con 16 puntos), a titular primeiro da bolsa cun total de 36 puntos.

Fernández López, Juan:

1.- *Conforme ao apartado 2.1.1 das bases reguladoras, establécese como requisito para poder participar na convocatoria das bolsas deportivas: “Practicar un deporte, de carácter individual, que pertenza a uns dos deportes olímpicos e disciplinas olímpicas, tanto de verán como inverno, incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos do ano 2016 e dos próximos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Tokio, no ano 2020”.*

O deportista Juan Fernández López certamente quedou excluído da convocatoria de bolsas deportivas, porque os seus excelentes resultados deportivos son en Longboard, unha especialidade do SURFING que non forma parte do programa olímpico. Por exemplo, o judo é deporte olímpico, mentres que as especialidades integradas no mesmo (Kendo, Aikido, Jiu-Jitsu e Wu-Shu), non o son e, consecuentemente, unha solicitude de bolsa de deportistas de ditas prácticas quedaría excluída.

2.- *Non é correcta esta afirmación, pois debe sinalarse que a modalidade deportiva é o SURFING, como así establecen os Estatutos da Federación Española de Surfing no seu artigo 1º, “Dentro de devandita*

Federación, e sen prexuízo do recoñecemento da súa propia identidade, están acollidas e compréndense ás seguintes especialidades recoñecidas polo I.S.A. (International Surfing Association):

- Surfboard/Shortboard
- Longboard
- Bodyboard
- Kneeboard
- Skimboard
- Bodysurf (Surfing a Pecho)
- Tándem Surfing
- StandUp Paddle (SUP)
- Tow-in Surfing
- Surfing Adaptado”.

Pode verificarse nos seguintes enlaces:

<https://tokyo2020.org/es/deportes/surf/>

“El surf como deporte cuenta con una gran cantidad de categorías según el tipo de tabla utilizada y su tamaño. El longboard tiene alrededor de nueve pies (2.7 m) de largo y más flotabilidad que el shortboard, que apareció por primera vez alrededor de 1970 y tiene aproximadamente seis pies (1.8 m) de largo. El shortboard tiene una punta puntiaguda que ayuda a girar, es más rápida a la hora de maniobrar y tiende a ser idónea para llevar a cabo las técnicas más dinámicas. El shortboard será la disciplina que tendrá lugar en los Juegos de Tokio 2020, donde 20 hombres y 20 mujeres competirán en competiciones separadas.”

<https://www.csd.gob.es/es/federaciones-y-asociaciones/federaciones-deportivas-espanolas/modalidades-especialidades-y-pruebas-de-federaciones>

PROGRAMA DE LOS XXXI JUEGOS OLÍMPICOS, TOKIO 2020					
DEPORTE	PRUEBAS MASCULINAS	PRUEBAS FEMENINAS	PRUEBAS MIXTAS/OPEN	TOTAL	Nº MEDALLAS
SURF	1	1		2	6
	Shortboard	Shortboard			

3.- A alegación sobre o certificado da Federación Gallega de Surf, non se pode considerar, polo citado anteriormente, tendo en conta que a especialidade de longboard (táboa longa) non forma parte do programa dos próximos Xogos Olímpicos de Tokio como se pode observar na web do Consello Superior de Deportes que publica o programa dos XXXI Xogos Olímpicos, onde dito programa recolle claramente o Shortboard.

En definitiva, non habendo razóns para modificar a puntuación final deste deportista, o tribunal mantén a mesma valoración dos resultados publicados de xeito provisional.

A estimación destas alegacións non varía a composición dos 15 bolseiros aos que se lles concedeu provisionalmente a bolsa.

Vistos os antecedentes sinalados, os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, e do Servizo de Fiscalización, así como as disposicións legais de aplicación

RESOLVO:

1.-Excluír as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

Juan Fernández López: a modalidade de “olas gigantes” non está incluída entre as disciplinas olímpicas.

Iago Romero Rey: a maratón de piragüismo non está incluída entre as disciplinas olímpicas.

Iria Romero Rey: a maratón de piragüismo non está incluída entre as disciplinas olímpicas.

2.- Desestimar a alegación de Juan Fernández López polos motivos expostos no antecedente 8.

3.- Estimar as alegacións e modificar as puntuacións outorgadas, de Jacobo Garrido Brun e de Daniel Castro Barcala, polos motivos expostos no antecedente 8.

A estimación destas alegacións non varía a composición dos 15 bolseiros aos que se lles concedeu provisionalmente a bolsa.

4.- Conceder definitivamente as bolsas para deportistas da provincia - Grupo B (18-23 anos)- do ano 2020, por importe de 3.500,00 €/bolsa, ás seguintes persoas:

EXPEDIENTE	TITULAR DA BOLSA	PUNTOS	IMPORTE	OBXECTO	NIF
2020000015477	GARRIDO BRUN, JACOBO	36	3.500,00 €	NATACIÓN	***8839**
2020000022827	DA COSTA PIÑEIRO, RAQUEL	22,5	3.500,00 €	PIRAGÜISMO	***9683**
2020000023385	CALVIÑO RABON, ROI	21	3.500,00 €	HÍPICA	***4528**
2020000019798	BLANCO TARELA, IRENE	21	3.500,00 €	HALTEROFILIA	***1405**
2020000015513	MARTÍNEZ PACHÓN, GABRIEL	20	3.500,00 €	PIRAGÜISMO	***5849**
2020000014222	RIPOLL, GONZALEZ , ANTONI	15,5	3.500,00 €	VELA	***3753**
2020000023045	PARDO DOS SANTOS, LORENA	15	3.500,00 €	TAEKWONDO	***7024**
2020000023487	JARAMA DIAZ, IRIA	15	3.500,00 €	REMO	***7352**
2020000013557	LOPEZ IGLESIAS, ELIAN NUMA	14,5	3.500,00 €	ATLETISMO	***1028**
2020000023729	RAMOS MANEIRO, DIEGO	14,5	3.500,00 €	HÍPICA	***1123**
2020000023215	ROMAN SANCHEZ, IVANNA CAROLINA	14,5	3.500,00 €	ATLETISMO	***1795**
2020000015288	FERNANDEZ FREIRE, IVAN	14,5	3.500,00 €	PIRAGÜISMO	***4659**
2020000023048	VAZQUEZ MESIAS, ANGELA	14,5	3.500,00 €	REMO	***3061**
2020000019123	PAZ ALBORES, ALEJANDRO	14,5	3.500,00 €	TAEKWONDO	***9867**
2020000015634	GLESIAS GARNELO, PAULA	14,5	3.500,00 €	ATLETISMO	***0652**

Dispor que o importe total das bolsas que ascende á cantidade de 52.500,00 se abone, na forma prevista na convocatoria, con cargo á partida 0612/3411/481, documento contable A, operación nº 220200014288 do vixente Orzamento, logo da correspondente retención do IRPF.

5.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, utilizando como criterio para determinar a orde, nos casos de coincidencia nas puntuacións, a data e hora de presentación da solicitude:

Suplente 1: Marcos García Garay: 14 puntos, presentada o 13 de marzo, ás 21:37 h

Suplente 2: Antía Romero Ourille: 14 puntos, presentada o 31 de marzo, ás 10:53 h

Suplente 3: Irene Lata Cagiao: 14 puntos, presentada o 16 de xuño, ás 20:35 h

Suplente 4: Rocío García Torres: 14 puntos, presentada o 17 de xuño, ás 19:13 h

Suplente 5: Gaspar Andrade Budiño: 14 puntos, presentada o 17 de xuño, ás 19:22 h

6.- Denegar as restantes solicitudes, que non foron concedidas, suplentes ou descartadas/excluídas.

7.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.